



## RESUMO DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 24 DE XULLO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#). Xustifican a súa ausencia a Sra. Herrero López e os Sres. Barral Losada, Delgado Martín, Martínez Suárez, Pena Agras e Portela Fernández.

### 1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención expresando o pesar da Universidade da Coruña polo finamento do Sr. Salvador Alonso, profesor da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. A continuación o Sr. Reitor dálle conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados na sesión do Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia do día 20 de xullo, que conta cunha nova composición, e na sesión do Consejo de Universidades tamén do día 20 de xullo. Remata a súa intervención informando da reunión que mantiveron os tres reitores das universidades galegas co Presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Núñez Feijoo, o día 22 de xullo, en que se tratou como tema principal o financiamento do sistema universitario galego e o impacto da actual crise económica sobre esta materia.

En nome da Sra. Vicerreitora de Investigación, o Sr. Reitor informa da situación actual en materia de oferta dos novos doutoramentos para o curso académico 2009-2010, sinalando que xa se recibiu a verificación positiva e xa se lle enviou un escrito ao Sr. Secretario Xeral de Universidades para a súa preceptiva autorización pola Comunidade Autónoma, dos programas de doutoramento elaborados ao abeiro do Real decreto 1393/2007, que son os de Arquitectura e Rehabilitación; Ciencias Sociosanitarias; Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económica e Empresarial; Deporte, Educación Física e Lecer Saudable; Dereito; Dirección Integrada de Proxectos; Enxeñaría Civil; Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués; Lingua, Texto e Expresión Artística; e Novas Aproximacións aos Estudos Anglo-Norteamericanos e Irlandeses. A respecto dos doutoramentos aprobados ao abeiro do Real decreto 56/2005 e



que podían obter prórroga dun ano sempre que se verificase o mestrado correspondente, a día de hoxe verificáronse os mestrados Posgrao en Economía e Empresa (falta o mestrado de Banca e Finanzas); Enxeñaría Marítima; Saúde, Discapacidade, Dependencia e Sociedade; Urbanismo: Planos e Proxectos. Do Territorio a Cidade. O Sr. Reitor remata a súa intervención en nome da Sra. Vicerreitora de Investigación dándolle conta aos membros do Consello de Goberno da sesión da Comisión Académica Sectorial de las Universidades Españolas (CASUE) do día 7 de xullo, en que se trataron temas relacionados cos estudos de doutoramento, e se informou de que haberá canto antes un Real decreto sobre doutoramento, no primeiro trimestre do próximo curso, para o que se constituíu un grupo de expertos que xa está a traballar sobre un borrador, en que se inclúen temas tales como estrutura, competencias, acceso e admisión, teses, internacionalización e mobilidade, escolas doutorais e centros de posgrao e número mínimo de matriculados por programa, que na actualidade é moi baixo.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa do feito de que os vinte e catro graos solicitados pola Universidade da Coruña, sometidos ao proceso de verificación, obtiveron o informe definitivo favorable. O único paso que falta dar para a súa implantación é a autorización por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que será un dos temas da orde do día da reunión do Consello Galego de Universidades. Remata a súa intervención indicando que os novos mestrados sometidos a verificación tamén obtiveron todos o informe favorable preceptivo.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa dos resultados da primeira convocatoria do programa Docencia, que figuran no [anexo II](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo III](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicexerente da Coruña, quen informa dos procesos selectivos do persoal de administración e de servizos. En relación co persoal funcionario, sinala que o día 23 de xullo se resolveu o concurso convocado por Resolución reitoral do 16 de abril de 2009 (DOG 08.05.2009); que o vindeiro día 27 de xullo se publicará no DOG a



Resolución pola que se nomean funcionarios de carreira os aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado por Resolución reitoral do 10 de marzo de 2008; e por último, que está pendente de data de publicación o proceso selectivo de facultativos. E a respecto do persoal laboral, sinala que o pasado día 17 de xullo se enviaron ao Comité de Empresa, para que informe, as convocatorias de oposición das categorías de persoal laboral correspondentes a conserxes (4 prazas), auxiliares de servizos (38 prazas), técnicos superiores de informática (2 prazas), técnicos de grao medio en informática (11 prazas) e técnicos especialistas en informática (10 prazas). Segundo a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña, isto supón a convocatoria de 65 prazas da relación de postos de traballo de 2005, que conta con 130 prazas vacantes, polo que estas convocatorias supoñen o 50% de prazas vacantes convocadas. Igualmente, informa da convocatoria dun concurso de traslados con 7 prazas vacantes e as que poidan quedar a resultas, que se resolverá con carácter previo á resolución das devanditas convocatorias. Remata sinalando que a Xerencia continuará enviando para os preceptivos informes as convocatorias do resto de categorías.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno do resultado do proceso de eleccións nos Institutos Universitarios de Investigación propios da Universidade da Coruña, en que resultaron elixidos o Sr. Sobrino Heredia, como director do Instituto Universitario de Estudos Europeos «Salvador de Madariaga»; o Sr. Prada Rodríguez, como Director do Instituto Universitario de Medio Ambiente; e o Sr. De Toro Santos, como Director do Instituto de Estudos Irlandeses «Amergin».

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2009**

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 30 de xuño de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 34 convenios que figuran no [anexo IV](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios



marco (1), convenios específicos (6) e convenios para prácticas (27) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

#### **4. Títulos propios de posgrao**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das propostas de títulos propios de posgrao que figuran no [anexo V](#), que son propostas de implantación, de renovación e de modificación. No caso concreto da proposta de implantación do título propio en Investigación sobre a Interpretación Adecuada ao Repertorio Orquestral e Solista para Trompeta, a Sra. Vicerreitora sinala que se trata dunha proposta pensada para profesorado do conservatorio de música, que a docencia vai ser impartida por profesorado, maioritariamente, de fóra da Universidade e que está en proxecto tanto un grao como un mestrado oficiais en ensinanzas artísticas e musicais, por esta razón semella oportuno adiar a súa aprobación.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Salvador González, o Sr. Casabella López, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, o Sr. Vicerreitor de Profesorado, o Sr. Valderruten Vidal e a Sra. Manso Revilla, apróbase a relación de propostas de títulos propios de posgrao que figura no citado anexo, con exclusión do proposto título en Investigación sobre a Interpretación Adecuada ao Repertorio Orquestral e Solista para Trompeta, que se adía. Acórdase tamén estudar a posibilidade de revisar a normativa reguladora dos títulos propios en materia de prezos de matrícula.

#### **5. Denominación de títulos de grao e de mestrado**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta da proposta de denominación dos títulos de grao e mestrado por transformacións de titulacións actuais que se imparten na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que figura como [anexo VI](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, a Sra. Traba Pérez e a Sra. Vicerreitora de Organización



Académica e Titulacións, apróbanse por asentimento as propostas de denominación de graos por transformacións das titulacións que figura no citado anexo.

## **6. Límite de prazas**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de límite de prazas que figura no [anexo VII](#) para o acceso de persoas tituladas ao cuarto ano do grao das titulacións que figuran no citado anexo.

Logo dunha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Nogueira López, apróbase por asentimento a proposta de límite de prazas que figura no citado anexo.

## **7. Prazas de profesorado**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de convocatoria de prazas, comeza informando da convocatoria de prazas como consecuencia das necesidades evidenciadas na elaboración dos novos planos de organización docente (PODs), que é a que figura no [anexo VIII](#), que non se levaron á sesión anterior do Consello de Goberno.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Nogueira López e o Sr. Fernández Cervantes.

Apróbase por asentimento a convocatoria de prazas POD que figura no mencionado anexo. Logo da súa aprobación, o Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de creación dunha praza de asociado de substitución (PO3) na Área de Anatomía e Embrioloxía Humana do Departamento de Medicina, que foi informada negativamente na Mesa Sindical, a pesar de que se trata dunha área onde un dos seus profesores se acolleu a unha excedencia voluntaria e onde hai investigadores Parga Pondal, que só colaboran na docencia voluntariamente e cun tope máximo taxado de horas, á parte do feito de que unha destas persoas investigadoras contratadas por este programa está a realizar unha estadía de investigación fóra. Logo da intervención do Sr. Vicerreitor, apróbase a creación dunha praza de asociado de substitución



(PO3) na area de Anatomía e Embrioloxía Humana do Departamento de Medicina.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén informa da relación do profesorado contratado doutor acreditado como titular de universidade, que figura no [anexo IX](#).

Por último, o Sr. Vicerreitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da convocatoria de prazas de mestrados (primeiro cuadrimestre) que figura no [anexo X](#).

Apróbase por asentimento a proposta de convocatoria de prazas de mestrado que figura no citado anexo.

## **8. Tribunais prazas PDI funcionario**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado, logo de indicar que este tema está directamente relacionado co punto da orde do día sobre «programa de promoción de profesorado acreditado», considera oportuno tratar en primeiro lugar isto último, para logo tratar o tema da composición dos tribunais encargados de xulgar as prazas.

Por iso, o Sr. Vicerreitor dá conta das prazas de promoción do PDI acreditado que figuran no [anexo XI](#) e que traen causa do acordado para tales efectos sobre esta materia na anterior sesión do Consello de Goberno. Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Salvador González, apróbase por asentimento a relación de prazas en cuestión.

A continuación, o Sr. Vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno das propostas de composición das prazas PDI funcionario que figuran no [anexo XII](#), que son aprobadas por asentimento.





## **9. Programa de promoción de profesores titulares de escola universitaria**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da relación de solicitudes presentadas ao abeiro do programa de promoción de profesores titulares de escola universitaria que figuran no [anexo XIII](#), mais tamén informa das solicitudes desestimadas por non teren informe favorable para a súa concesión por vez primeira e para súa renovación ou por non teren sido presentadas en prazo.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. Dopico Calvo e Tuimil López apróbase por asentimento a relación de solicitudes en cuestión.

## **10. Programa de promoción de profesorado acreditado**

O Sr. Vicerreitor de profesorado remítese neste concreto apartado ao aprobado para tales efectos no punto 8 da Orde do día desta sesión do Consello de Goberno sobre, «tribunais prazas PDI funcionario».

## **11. Licenzas**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude de licenza sen retribución que figura no [anexo XIV](#), apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

## **12. Cambio de departamento**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que informa das propostas de cambio de departamento e de área que figuran no [anexo XV](#), apróbanse por asentimento as propostas en cuestión.

## **13. Cambio de dedicación**

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta das dúas solicitudes de cambio de dedicación que figuran no [anexo XVI](#), apróbanse por asentimento as solicitudes en cuestión.



## **14. Liquidación orzamento 2008**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicexerente do Campus da Coruña e ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica para que expliquen a proposta de liquidación do orzamento 2008, que figura no [anexo XVII](#). A Sra. Vicexerente do Campus da Coruña presenta as magnitudes básicas da liquidación do orzamento 2008, comparándoas coas do exercicio anterior, sinala que mellora lixeiramente a execución, que os pagamentos pendentes ao final do exercicio están por baixo do 1%, e que o resultado orzamentario segue a ser positivo. A continuación, o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica toma a palabra para felicitar os servizos económicos pola xestión dos pagamentos e para facer unha valoración da liquidación. Destaca que se acada o obxectivo previsto na Programación Plurianual do Plano Estratéxico, que consistía na reposición dos fondos propios dispoñibles. Isto proporciona marxe de manobra ante o deterioro das expectativas de financiamento público e permite consolidar os programas de investimentos en recursos humanos e infraestruturas previstos para o bienio en curso, dirixidos á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior. A docencia en grupos reducidos derivada dos acordos de Boloña esixe tanto a dotación suficiente de recursos humanos, en que a UDC parte dun déficit relativo moi substancial, como a adaptación das instalacións. Neste último aspecto, as contas presentadas permiten acelerar os investimentos previstos para o bienio, superando en 2009 os 2 millóns de euros.

Apróbase a liquidación por asentimento para a súa remisión, logo de ser auditada, ao Consello Social.

## **15. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado, quen realiza a suxestión de que se comunique con antelación a data previsible de realización das sesións do Consello de Goberno, pois desta maneira os membros do Consello de Goberno poderían evitar coincidencias de actos en que se require a súa presenza.

Toma a palabra o Sr. Casabella López, que centra a súa intervención na posibilidade de que algúns centros poidan pechar durante o mes de agosto. En resposta, o Sr. Secretario Xeral indícalle que, sen prexuízo do que para tales efectos poida dicir a representación do estudantado sobre os efectos negativos desta medida pola imposibilidade de empregar as instalacións do





centro, que os centros teñen que funcionar igualmente no mes de agosto, pois é un mes hábil, aínda que non lectivo, para todos os efectos administrativos, por esta razón seguen o seu curso normal procedementos administrativos en materia tales como prazas de profesorado, reclamacións do estudantado, entre outras moitas.

Toma a palabra o Sr. González Santos que non comparte a opinión do Sr. Casabella López sobre o peche dos centros no mes de agosto, principalmente polos prexuízos que ocasionan ao estudantado. Logo de se interesar polo situación dos horarios das aulas de estudo, dálle os parabéns ao equipo de goberno polo envío das notas a través do sistema do servizo de mensaxes curtas (*Short Messages Standard* ou SMS), aínda que considera que se lle debería dar maior publicidade entre o estudantado e o profesorado. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais indícalle que se están facendo as xestións necesarias a respecto dos horarios das aulas de estudo para o seguinte curso académico e que, sobre a base que todo é mellorable, entende que si se deu a difusión necesaria sobre o envío das notas polo sistema SMS, incluso a través dos medios de comunicación, e que se trata dunha medida de implantación novidosa, cuxos resultados serán maiores a medida que vaia sendo máis frecuente o seu emprego.

Toma a palabra o Sra. Traba Pérez, quen tampouco comparte a opinión do Sr. Casabella López sobre o peche dos centros no mes de agosto. Logo de felicitar tamén o equipo de goberno polo envío de notas a través do sistema SMS, centra a súa intervención nunha serie de cuestións específicas do campus de Ferrol, tales como a falta dun aparcamento e a pouca presenza de servizos de reprografía en Esteiro. Remata a súa intervención indicando que o uso das instalacións deportivas de Elviña debería ser gratuíto para o estudantado, de xeito que non tivese que pagar nada polo seu emprego. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que o tema do aparcamento non depende da universidade e que é algo complicado por estaren os centros na propia cidade; a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña indícalle que houbo certos problemas no cumprimento dos horarios nos servizos de reprografía por parte da empresa, que espera que non se repitan, e que os centros de Esteiro teñen un mesmo servizo de reprografía para optimizar recursos económicos; e por último, o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación sinalalle que o uso das instalacións deportivas está regulado, en que se esixe o pagamento a través dunha tarxeta de abono, dunha contía mínima para que poidan



acceder todos os membros da comunidade universitaria, precisamente para garantir un uso adecuado das instalacións.

Toma a palabra o Sr. Fernández Cervantes, quen dá conta na súa intervención dunha serie de problemas que houbo no seu centro por causa do horario de verán, concretamente por permanecer pechado entre as 14:00 e as 15:00 horas, por esta razón considera necesario que se adopten medidas que permitan que estea aberto o centro, tales como a contratación de máis persoal ou un axuste da súa xornada laboral. En resposta, a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña indícalle que se trata do horario normal da verán que nunca suscitou problemas, que é o pactado con representación de persoal de administración e servizos e que os problemas que poida causar non se poden resolver reaxustando unilateralmente a súa xornada de traballo, senón pola vía do acordo. Neste mesmo sentido interveñen o Sr. Fernández López e a Sra. González Martínez, que ademais indican que, incluso, en momentos moi puntuais e por necesidades do centro, o persoal de administración e servizos ten ampliado a súa xornada de traballo sen ningún problema, logo de ter falado con el, pois con acordos pódense facer bastante ben as cousas.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas.